

O eido da Economía Social e da chamada Banca Ética constitúen unha realidade diversa de iniciativas de actividade económica que se sustentan sobre a base de integrar unha serie de valores que se recoñecen como parte integrante da solidariedade. O obxectivo é desenvolver un ámbito de actividade económica que persegue a superación das claras insuficiencias do sistema económico actual, para articular sociedades que ofrezan posibilidades de vida digna para todos, e unha relación co entorno que garanta un equilibrio sostible.

A actual crise económica e os evidentes problemas medioambientais que se padecen a nivel mundial, fannos revisar o modelo económico seguido ata a actualidade, e poñen en primeiro plano o estudo e valoración de novas alternativas económicas, sociais e persoais, como unha esixencia de carácter transversal ao concepto de cidadanía.

Nestas xornadas comparecerán expertos en Economía Social integrando diferentes perspectivas, incluíndo a participación de membros da banca tradicional, así como de outras iniciativas integradas na denominada Banca Ética.

Os contidos do programa serán expostos de forma práctica polos poñentes, con especial énfase nas iniciativas promovidas pola cidadanía que van xurdindo no noso entorno.

Os obxectivos que se perseguen con estas xornadas son:

1. Achegar conceptos sobre a economía social e os seus diferentes ámbitos: finanzas éticas, consumo responsable, mercado social, cultura libre, novos modelos empresariais...
2. Presentar as realizacións prácticas da Economía Social a nivel local, estatal e internacional
3. Iniciar vínculos de coñecemento e colaboración do sector da economía social

**Oficina de Cooperación e Voluntariado**  
Facultade de Socioloxía, andar 1º  
15071 Campus Elviña (A Coruña)

Tel. +34 981 167 000 - Ext. 1752  
E-mail: [ocv@udc.es](mailto:ocv@udc.es)  
<http://www.udc.es/cooperacion>

### Organiza:

Fiare



UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
OFICINA DE COOPERACIÓN  
E VOLUNTARIADO



UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
FACULTADE DE ECONOMÍA  
E EMPRESA

### Coordinador das xornadas:

**Enrique Peña,**  
*Universidade da Coruña*

### Colaboradores:



XUNTA  
DE GALICIA

# I Xornadas Universitarias sobre Economía Social e Desenvolvemento

**10 e 11 de novembro de 2011**

Salón de graos da Facultade de Economía  
e Empresa (Campus de Elviña)  
da Universidade da Coruña



# PROGRAMA

## Xoves 10 de novembro

15:30 h **Recollida de información e presentación**

16:00 - 18:00 h **CONSUMO RESPONSABLE. CONSUMO LOCAL.** Marcial Blanco (*Cooperativa de Consumo Zocamiñoca*) e Víctor Boga (*Granxa Ecolóxica Millo e Landras*).

- Consumo responsable ou consciente. Outro xeito de ver a economía.
- Grupos de consumo responsable ou consciente. Os modelos.
- A granxa ecolóxica local. O ciclo pechado.

### Descanso

18:30 - 20:30 h **ECONOMÍA SOCIAL E MERCADOS FINANCEIROS.** David Peón. *BBVA Banca Privada e Profesor da Facultade de Economía e Empresa da UDC*

- Mercados financeiros, economía social e globalización
- Regulación dos mercados financeiros, cláusulas sociais
- Casos de estudo: crise financeira internacional, crise do euro, reforma do sistema financeiro español.

## Venres 11 de novembro:

9:00 - 11:00 h **ECONOMÍA SOCIAL.** Raúl Asegurado. *Presidente de Fiare Galicia.*

- Concepto de Economía Social
- Economía Social e Desenvolvemento Humano
- Os 6 principios da economía social.
- Os elementos básicos da economía social: empresa, mercado, consumo, propiedade
- Realidade local, estatal e internacional da economía social

### Descanso

11:30 - 14:30 h **FINANZAS ÉTICAS.** Peru Sasia. *Presidente de Fiare Estatal*

- Intermediación Financeira e no financeira: troco, moedas complementarias, aforro de proximidade, intermediación non bancaria, banca ética
- Casos de estudo: Banca Popolare Ética, Fiare

### Descanso

16:00 - 17:30 h **ECONOMÍA SOCIAL NA CUESTIÓN NORTE-SUR.** María Paz, *Solidaridade Internacional*

- Comercio xusto
- Ferramentas financeiras e cooperación ao desenvolvemento
- Casos de estudo: realidades próximas de comercio xusto, intermediación financeira orientada ao apoio de comunidades do Sur...

### Descanso

18:00 - 19:30 h **CULTURA LIBRE.** Francisco Puga, *Cartolab, Enxeñería Sen Fronteiras*

- Propiedade intelectual e desenvolvemento
- Cultura libre
- Soberanía tecnolóxica
- Casos de estudo: software libre, farmacéuticas, obras culturais...

**Información e inscricións:**  
Solicitado un crédito  
de libre configuración

Prezo 15 €

Preinscrición, do 17 de outubro  
ao 8 de novembro no correo  
[ocv@udc.es](mailto:ocv@udc.es)